



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria
"Leixa"

MANUAL DE DOCUMENTOS PLAN ANUAL DO CURSO 2009-2010

EDICIÓN 1 – REVISIÓN 0
DATA: 15.10.2008



<p>Redactado e revisado por: <i>Francisco José Teijido López,</i> <i>director</i></p> <p>sinatura</p> <p>Data: 19.10.2009</p>	<p>Aprobado por Claustro: <i>Francisco José Teijido López,</i> <i>director</i></p> <p>sinatura</p> <p>Data: 04.11.2009</p>	<p>Aprobado por Consello Escolar: <i>Francisco José Teijido López,</i> <i>presidente</i></p> <p>sinatura</p> <p>Data: 04.11.2009</p>
---	--	--



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria
"Leixa"

MANUAL DE DOCUMENTOS

PLAN ANUAL DO CURSO 2009-2010

EDICIÓN 1 – REVISIÓN 0
DATA: 15.10.2008

:: ÍNDICE ::

1. Introducción	5
2. Distribución espacial	12
3. Recursos e dotacións	16
4. Obxectivos	18
5. Aplicación da perda do dereito á avaliación continua	25
6. Calendario de reunións	28
7. Días non lectivos	29
8. Calendario de avaliacións	29
9. Calendario escolar	30
10. Calendario de final de curso	32
11. Procedemento de reclamacións	32
12. Cadro de profesorado e cargos	35
13. Composición do departamento de Orientación	36
14. Responsables de aula	36



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria
"Leixa"

MANUAL DE DOCUMENTOS

PLAN ANUAL DO CURSO 2009-2010

EDICIÓN 1 – REVISIÓN 0
DATA: 15.10.2008

Documento de Organización de Centros.

Capítulo 1: documento 1: plan anual.

1. Introducción: Comezamos un novo curso con novidades interesantes, dende o punto de vista organizativo, que priorizan o desenvolvemento deste plan anual:

➤ **A implantación do segundo curso do bacharelato LOE e do novo ciclo medio de Farmacia e Parafarmacia, que substitúe ao ciclo medio de Farmacia.**

No caso do segundo curso de bacharelato hai que facer referencia a varios acontecementos que afectan ao desenvolvemento deste curso:

- O 1 de xullo de 2009 publícase no DOG a *Orde do 23 de xuño de 2009 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo*. Esta orde obrigounos a modificar a oferta de materias optativas e por tanto os itinerarios fixados no noso centro.
- O día 2 de agosto publícase no DOG a *Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en primeiro de bacharelato*. Nesta orde establécese que os alumnos/as de 1º de bacharelato que repitan con 3 ou 4 materias suspensas poderán manter a cualificación das materias aprobadas se así o decide a xunta de avaliación. Este curso haberá que establecer un criterio para a aplicación desta norma.
- O 12 de setembro publícase no BOE a *Orden EDU/2395/2009, de 9 de setembro, por a que se regula a promoción de un curso incompleto del sistema educativo definido por la Ley Orgánica 1/1990, de 3 de octubre, de ordenación general del sistema educativo, a otro de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación*. Novamente unha norma publícase uns días antes do comezo do curso e obriga a facer algúns cambios na matrícula dos alumnos/as porque ata agora os que repetían segundo curso completo debían cursar todas as materias, pero este ano, de forma transitoria, os alumnos/as de bacharelato LOXSE que repiten con máis de tres materias suspensas, examínanse só destas materias suspensas.

No caso do ciclo medio de Farmacia e Parafarmacia este curso implántase o primeiro ano e no curso 2010-2011 implantarase o segundo ano.

➤ **O aumento de matrícula, sobre todo no bacharelato, con incremento das necesidades de profesorado.**

O comezo deste curso foi especialmente difícil polos recortes de profesorado que impuxo a Consellería de Educación e O.U. en todos os niveis educativos e que provocou, e segue a provocar, unha gran conflictividade.

No que respecta ao IES Leixa, a subdirección xeral de recursos humanos decidiu manter o cupo de 42 docentes para o noso centro a pesar de que o aumento de matrícula e a reestruturación dos bacharelados, con aumento das horas nalgúns materias, fai que as nosas necesidades aumenten e que non poidamos desenvolver un traballo de calidade con menos de 45 docentes. Así se lle fixo saber á inspección educativa cando no mes de xullo nos pediu, por escrito, as nosas necesidades especificando o número de horas por materias.

O informe que se lle entregou á inspectora no mes de xullo detallou polo miúdo as necesidades de profesorado a partir dunha previsión de matrícula na que contabamos con ter cerca de 75 alumnos/as en primeiro de bacharelato e cerca de 70 en segundo, o que nos obri-

garía a ter tres grupos en primeiro e tres grupos en segundo. A inspección asinou a nosa solicitude, na que se pedía sobre un cupo de 46 docentes, indicándonos que se revisaría en setembro cando os datos de matrícula fosen máis reais. Sen embargo, a subdirección xeral de recursos humanos mantivo o cupo de 42 docentes polo que só podiamos solicitar 9 dos 11 que precisabamos, así que na petición de xuño quedaron por solicitar un docente de Galego, un PT de Artes Gráficas e un docente de Debuxo. Respecto ao docente de Debuxo hai que indicar que D. Tomás Pérez, profesor con destino no IES de Catabois, solicitou unha adscrición funcional no noso centro, pero non tivemos constancia da súa concesión ata mediados de setembro.

No mes de setembro, e unha vez contabamos con datos máis fiables de matrícula, confirmáronse 73 alumnos/as en primeiro de bacharelato e 62 en segundo, pero só había 4 matriculados/as no ciclo medio de Impresión. Con estes datos, a inspección nos dixo que se solicitaría o aumento do cupo do IES Leixa a 45 docentes pero que a dirección xeral de FP decidiría se se podía abrir o ciclo medio de Impresión pola baixa matrícula, ao que respondemos que na convocatoria extraordinaria de setembro había 7 solicitudes e esperabamos que houbera máis, polo que finalmente concedeuse o ciclo e, polo tanto, mantíñanse as nosas necesidades de 45 docentes. Sen embargo a subdirección xeral de recursos humanos decidiu manter o cupo de 42 docentes polo que seguían faltando dous, o de Galego e o PT de Artes Gráficas (finalmente lle concederon a adscrición funcional a D. Tomás Pérez).

Inmediatamente comezamos a remitir escritos de queixa tanto á inspección educativa como á xefa territorial e ao subdirector xeral de recursos humanos indicando sempre que os datos de matrícula e horas no IES Leixa non deixaban lugar a dúbidas: precisamos 45 docentes, así que insistimos unha e outra vez ao tempo que se informou ao Claustro e ás organizacións sindicais.

Comezado o curso, seguimos sen docente de Galego e de Artes Gráficas pero o día 25 de setembro confirmouse que teriamos unha profesora de Galego, e o día 5 de outubro confirmouse que teriamos un docente de Artes Gráficas, normalizándose a situación do centro. Non obstante a inspección educativa solicitounos, por orde da subdirección xeral, un informe no que se detallaran as horas de cada un dos profesores/as de Artes Gráficas.

Á vista do sucedido, este curso elevarase unha solicitude á xefatura territorial da Coruña para que se oferten no concurso de traslados as vacantes de Filosofía, Debuxo, Economía, Latín e Grego e pedirase o incremento do cupo de profesorado que, por outra banda, será maior no curso 2010-2011 ao implantarse o segundo ano do ciclo medio de Farmacia e Parafarmacia e a aparición de 36 horas máis.

➤ **Restricións nas materias ofertadas.**

Outro dos problemas que houbo que abordar a principios de curso foi que coa nova normativa de bacharelatos establécese que cando nunha materia propia hai menos de 5 alumnos/as ou nunha materia optativa hai menos de 10 alumnos/as hai que trasladar unha petición expresa de autorización á xefatura territorial.

No noso caso, e despois de reasignar as materias optativas, déronse as seguintes circunstancias:

- En Grego 2 só hai tres matriculados/as pero ao tratarse de contidos progresivos e darse a situación de que unha das matriculadas é unha alumna con deficiencia visual que non podería cursar a materia alternativa (Historia da Arte), informouse á inspección educativa e se fixo a solicitude.
- En Inglés optativo hai 5 matriculados/as pero esta materia xa se autorizou no curso pasado, polo que se fixo a solicitude.

- En Ética e Filosofía do Dereito, optativa, había 4 matriculados/as e a inspección informou que non se ía autorizar ningunha optativa con menos de 5 alumnos/as polo que se ofertou a estes alumnos/as a Historia e Xeografía de Galicia, e con 8 alumnos/as solicitouse a autorización.

➤ **PAAU.**

O 14 de novembro de 2008 publicouse no BOE o *Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro, por el que se regulan las condiciones para el acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de grado y los procedimientos de admisión a las universidades públicas españolas* que regula as probas de acceso aos estudos universitarios e a súa nova estrutura, que introduce notables cambios con respecto ás PAAU que se viñan celebrando ata o curso pasado. A disposición transitoria única deste Real decreto fixa a entrada en vigor das novas probas de acceso para o curso 2009-2010.

Pola súa banda, a CIUG publicou os valores de ponderación das materias da fase específica tomando como referencia as materias obxecto de exame nas antigas vías de acceso, dándolles a estas unha ponderación de 0,2 fronte ao 0,1 do resto das materias.

En calquera caso, estes cambios implican tamén un maior interese por parte do profesorado en manterse informado sobre todo a través das comunicacións dos grupos de traballo da CIUG e un maior traballo por parte do departamento de Orientación para manter informados aos alumnos/as destes cambios e se poidan enfrontar ás PAAU con garantías de éxito.

➤ **Alumnos/as con necesidades educativas especiais.**

Este curso houbo un aumento de matriculas de alumnos/as con necesidades educativas especiais. Se xa no curso pasado había unha alumna en bacharelato con deficiencia visual e outra en Preimpresión con deficiencia auditiva, este curso contamos con outra alumna con deficiencia visual en primeiro de bacharelato e dous con deficiencias psicolóxicas no ciclo de Impresión, coa salvedade de que nos tres casos se fixo unha solicitude de flexibilización horaria.

- No caso da alumna con deficiencia visual de primeiro de bacharelato xa se concedeu a flexibilización, o que provoca que haxa que asignar profesorado para a súa atención cando non vai a clase.
- No caso dos dous alumnos/as de Impresión, á publicación deste plan anual aínda non se resolveu a flexibilización horaria polo que os alumnos/as están acudindo a todas as clases.

Hai que citar aquí a situación da alumna xorda de Preimpresión que conta cunha intérprete da linguaxe de signos pero que no mes de abril incorporárase, se aproba todo, á FCT, polo que o departamento de Orientación terá que facer as oportunas xestións para garantir a atención desta alumna na empresa.

➤ **Departamento de Orientación.**

Os puntos tratados anteriormente fan necesario que o departamento de Orientación inclúa na súa programación anual actividades informativas dirixidas aos alumnos/as así como os apoios necesarios ao profesorado. Neste sentido dende dirección coordináranse, a través de instrucións precisas ao efecto, todas as actividades de información ao profesorado, alumnao e familias, centrando as actividades nos seguintes tres puntos:

- Estrutura do bacharelato, itinerarios, optativas e condicións de repetición.
- Estrutura das PAAU, parte xeral e parte específica, valores de ponderación, cálculo da cualificación.

- Implantación de ciclos formativos, condición de promoción de 1º a 2º curso, validacións, proxecto, repetición.

➤ **Aulas.**

O incremento da matrícula, sobre todo en bacharelatos, fai que aumenten as necesidades de aulas para este nivel educativo polo que houbo que facer algunhas reasignacións e cubrir todas as necesidades. Non obstante hai algunhas circunstancias que cómpre subliñar pola súa incidencia no curso.

- **Dotacións das aulas:** Este curso se fixo un notable esforzo para dotar a todas as aulas multidisciplinares e algunhas aulas específicas de canón de proxección que se engade á dotación de ordenador que xa se fixera o curso pasado. Ademais en varias aulas se dispuxeron encerados interactivos que substitúen aos encerados tradicionais.

Para tratar de solventar as dificultades que os novos encerados podían supor para o profesorado, na primeira quincena de setembro organizáronse varias sesións informativas sobre o seu correcto uso, sesións que terán continuación ao longo do curso para que todo o profesorado poida coñecer a utilización deste novo recurso tecnolóxico.

Por outra banda, a colocación destes recursos puxo de manifesto novas necesidades como a colocación de altosfalantes nas aulas, o que se comezou a facer na segunda quincena de outubro.

- **Obras de adecuación:** No caso do pavillón 3 se fixeron unhas obras de mellora nas aulas e talleres, entre as que destacan:
 - **Novo acceso á aula 313, que pasa a denominarse 326:** Esta aula tiña un acceso moi perigoso (unhas escaleiras moi estreitas) e a súa utilización provocaba algún risco polas dificultades de evacuación. Isto facía que esta aula non se utilizara, así que o departamento de Artes Gráficas solicitou que se fixera un novo acceso dende a segunda planta do pavillón 3. Despois de analizar a situación e a viabilidade do proxecto se fixo unha obra para dispor dun acceso amplo a esta aula e dotouse con novas mesas e cadeiras de aula e, como en todas as demais, un canón de proxección e ordenador.
 - **Nova distribución dos recursos informáticos nas aulas 302 e 321:** Tamén por iniciativa do departamento de Artes Gráficas se fixo unha remodelación do mesado destas dúas aulas para mellorar a súa dispoñibilidade e uso. Hai que indicar que as obras destas dúas aulas as fixeron os propios profesores/as de Artes Gráficas apoiados polo persoal subalterno durante os meses de xullo e primeira quincena de setembro.
 - **Pintado das aulas 301 e 326:** O departamento de Artes Gráficas pintou a aula 301 e a 326.
- **Dificultades na aula 114:** Este curso houbo un notable incremento dos alumnos/as de bacharelato que solicitaron as TIC como materia optativa polo que houbo que asignar 4 horas máis no horario. Ademais os grupos son máis numerosos e nun deles hai 27 alumnos/as cando a aula só conta con 24 ordenadores, aínda que 4 deles non reúnen as condicións necesarias para o seu uso, así que o coordinador desta aula fixo unha solicitude de mellora que se abordará na segunda quincena de outubro.

Respecto a esta aula, ao longo do curso haberá que tomar as decisións axeitadas para melloralas, ben facendo obras de mellora ou ben trasladando esta aula a outra

máis ampla, revisando a dotación de ordenadores e recursos para garantir un ensino de calidade acorde co noso proxecto de calidade.

- **Estado das aulas:** Nestes momentos a dotación de recursos nas aulas é tan alta e sofisticada que aumentan tamén as necesidades dun mantemento axeitado. Este mantemento xa era previsible dende hai tres cursos polo que o plan estratéxico xa contempla o nomeamento de responsables de aula, que se vén facendo dende o curso 2007-2008, pero non se estableceu un protocolo para definir as súas funcións nin a forma de efectuar este mantemento, polo que este curso desenvolverase este protocolo tal e como se verá no capítulo de obxectivos.
- **Reserva de aulas:** Outra das incidencias do curso pasado foi a utilización de aulas nas horas libres, o que provocou algún pequeno conflito ao coincidiren dous profesores/as na mesma aula. Para tratar de solucionar este problema se dispuxo na sala de profesores/as unha folla de "reserva" para que cando un/ha docente teña que usar unha aula libre poida reservala. Non se aplica isto para o salón de actos, aula 114 e aula 129 que deben reservarse nas planillas que teñen os conserxes.

➤ **Plan de integración das TIC.**

Tamén o plan estratéxico contempla o desenvolvemento dun plan de integración das TIC no IES Leixa e estaba previsto o inicio do seu desenvolvemento ao longo do curso 2008-2009. Neste sentido, o secretario do instituto fixo un borrador que non se chegou a analizar nin debater porque a falta do director durante case todo o curso obrigou a deixar de lado algúns dos obxectivos, tal e como se xustificou na memoria anual do curso 2008-2009.

Neste borrador xa se contempla un plan de mantemento dos recursos informáticos porque o que dispomos ata agora presentaba moitas deficiencias así que a dirección decidiu contratar unha empresa da que temos moi boas referencias para o mantemento integral dos recursos informáticos do centro. A esta empresa se lle encargou, xa no mes de xullo, que fixeran un plan de reestruturación da rede do centro e fixeran un plan de traballo secuencial que tivese como obxectivo a planificación dos recursos, a dotación dun ou máis servidores de rede, un servidor de recursos, un servidor web, dominios, etc.

Xa no mes de setembro se abordou a primeira fase consistente en dotar ao centro dun servidor máis potente utilizando como sistema operativo Windows Server para crear dominios que nos permitan redirixir e controlar os accesos ademais de que se poderá facer un mantemento centralizado dos ordenadores, por exemplo cunha consola de antivirus. Xunto con este servidor se configuraron os ordenadores de secretaría e dirección e xa está prevista unha segunda fase, na segunda quincena de outubro, para integrar os ordenadores da sala de docentes e a aula 114.

Este curso retomarase o obxectivo do plan de integración das TIC xunto con outras propostas neste sentido, tal e como se verá no capítulo de obxectivos.

➤ **Comunicacións.**

Moi ligado ao anterior está o estado das comunicacións do IES Leixa. Por fin, no verán de 2009 se cambiou a centraliña telefónica por outra dixital, incrementáronse as liñas dispoñibles, mellorouse o acceso do fax e cambiáronse os teléfonos. O proceso contemplaba a contratación de dúas liñas RDSI sobre as que se poderían contratar liñas ADSL de alta velocidade para o acceso a internet ao marxe do que subministra a Xunta de Galicia (de 1 Mb), pero cando chegou o momento de facer a reconversión das liñas, telefónica informou que non era posible porque a velocidade de acceso a duras penas chegaría a 1 Mb. Como o contrato xa estaba asinado e telefónica non cumpriu a súa parte, reclamouse que substituísen as liñas RDSI por outras ADSL de alta velocidade sen custo para o centro.

Aínda que dixeron que si, chegado o momento de colocar un router monoposto para a nova conexión, nos dixeron que telefónica non podía dar máis de 1 Mb de velocidade polo enlace analóxico da súa conexión, o que provoca que non dispoñamos, nestes momentos, dun acceso a internet coa velocidade para atender as nosas necesidades polo que no momento de redactar este plan se están a realizar as negociacións para que nun prazo curto poidamos dispor dunha conexión a internet que nos dea un servizo acorde ás nosas necesidades.

➤ **Nova normativa sobre a perda do dereito á avaliación continua e baixa de oficio.**

O día 18 de agosto publicouse a *Resolución do 27 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2009-2010* na que se ditan novas instrucións respecto á aplicación das baixas de oficio ou a perda do dereito á avaliación continua. Para poder aplicar estas instrucións se fixo unha análise das horas e sesións en cada un dos ciclos, sobre todo no novo ciclo de Farmacia e Parafarmacia, tal e como se verá máis adiante.

➤ **Programa de préstamo de libros de texto.**

Cando no curso 2006-2007 se decidiu comezar o programa de préstamo de libros de texto, se fixo pensando nunha vixencia de 4 cursos e o seu obxectivo era incrementar o número de alumnos/as de bacharelato. Conseguido o obxectivo (pasamos de menos de 50 alumnos/as a 135 no actual curso) é hora de analizar a situación sobre todo polos problemas que xurdiron este curso.

Cando se implantou este sistema adquiríronse un número de libros para uns 60 alumnos/as pero o incremento gradual da matrícula fixo que tivéssemos que repoñer moitos dos libros ano tras ano. Pero a implantación da LOE e a edición de novos libros fixo que cada vez sexa máis difícil conseguir as edicións que utilizamos, o que provoca que este curso nalgunhas materias se estean a utilizar libros de dúas edicións distintas.

Por outra banda, recordar que xa en cursos anteriores houbo denuncias doutros centros polo noso sistema de préstamo de libros, e este curso mesmo algún centro tratou o tema no seu Consello Escolar. Concretamente no IES de Fene unha nai informou que polo noso sistema de préstamo, alumnos/as de Fene preferían vir ao IES Leixa e iso provocaba un descenso da matrícula no seu centro. Hai que indicar aquí que no bacharelato non se matriculou ningún alumno/a procedente de Fene. De feito, a análise da procedencia dos alumnos/as de 1º de bacharelato pon de manifesto que a maioría dos nosos alumnos/as proceden dos centros nos que facemos un maior labor informativo e son da que podemos considerar a nosa área de influencia.

CENTRO DE PROCEDENCIA	Nº DE ALUMNOS/AS
CPI de Atios	12
IES Leixa	12
IES de Catabois	10
CPI de San Sadurniño	10
CPR Ayala	8
CPR Valle Inclán I	6
IES As Telleiras	4
CPI do Feal	4

CPR Tirso de Molina	2
Descoñecida	2
IES Fernando Esquíó	1
CPR Montegrande	1
IES Sofía Casanova	1

➤ Transporte escolar.

Como se vé no cadro anterior a maioría dos nosos alumnos/as (máis do 50 %) proceden do CPI Atios, do IES de Catabois, do CPI de San Sadurniño, do CPR Ayala e do CPR Valle Inclán I. Destes, o que ten peores comunicacións con nós, pola distancia, é o CPI Atios.

Este curso abriuse a posibilidade de que o concello de Valdoviño financiase un transporte escolar que unise ese concello co noso centro polo que o vicedirectora asumiu as xestións para ver se había demanda e, no seu caso, establecer contactos tanto con empresas de transporte como co concello de Valdoviño e ver a viabilidade deste proxecto. No momento de redactar este plan anual, as actuacións están en vías de negociación.

É importante subliñar que o IES Leixa está actuando como mediador e que, se o proxecto chega a bo fin, non teremos ningunha responsabilidade no mesmo xa que dependerá, integramente, do convenio entre o concello de Valdoviño, a empresa transportista e os pais/nais dos alumnos/as.

➤ Cargos docentes.

O resultado do concurso de traslados deste curso, co traslado da responsable de calidade, así como a renuncia da coordinadora de formación provocou cambios nalgúns dos cargos. Aínda que en cursos anteriores a dirección pediu aos departamentos didácticos unha proposta de xefes/as de departamento, a implantación do proxecto de calidade, o nomeamento de responsables de recursos en Artes Gráficas e Sanidade, e a necesidade de contar con persoas comprometidas co proxecto fixo que este curso a dirección decidise propor aos cargos sen consulta previa, e así decidiuse que o novo responsable de calidade sexa D. Manuel Fuentes, anterior xefe do departamento de Artes Gráficas, nomear nova xefa do departamento de Artes Gráficas a Dna. María Salas e responsable de recursos a D. José Luis Martínez. Como coordinador de formación nomeouse a D. Pedro A. Hermo. Como responsable de recursos do departamento de Sanidade nomeouse a D. Fernando Trasmonte, anterior xefe de departamento, e nomeouse novo xefe do departamento de Sanidade a D. José María Bilbao. Hai que indicar que no caso do departamento de Sanidade, como tanto a xefa de estudos como o director forman parte deste departamento, informouse nunha reunión do mesmo.

➤ Gripe A.

Segundo as indicacións da OMS, a Consellería de Educación e O.U. elaborou un protocolo de información e actuación nos centros educativos fronte a gripe A. O IES Leixa facilitou información á comunidade educativa e dispuxo un enlace na web do centro á web sobre gripe A do Servizo Galego de Saúde.

➤ Xestión de residuos.

Un ano máis os departamentos de Sanidade e de Artes Gráficas manifestaron a súa preocupación pola xestión dos residuos que se xeran nas prácticas e mantemento dos equipos.

Dende hai anos existe este problema e aínda que o IES Leixa tomou algunhas iniciativas, como a contratación dunha empresa para xestionar os residuos biolóxicos ou acordos coa xerencia sanitaria para eliminación doutros residuos, está sen resolver o problema por non dispor dun protocolo de eliminación dos residuos que xeramos. Hai dous cursos pediuse á administración educativa que adoptase algunha medida centralizada sen obter resultados polo que este curso xa se ten solicitada unha reunión co subdirector xeral de formación profesional para tratar este asunto ademais de outros relacionados coa dotacións dos ciclos.

➤ **30 aniversario.**

Este curso cúmprense os 30 anos de funcionamento do IES Leixa. Se no curso 2004-2005 celebramos os 25 anos, este curso organizarase algunha actividade para conmemorar estes 30 anos.

➤ **Novo concesionario da cafetería.**

A finais do curso pasado se sacou a concurso o servizo de cafetería para tratar de mellorar este servizo que recibira bastantes críticas no curso pasado.

Este ano comeza a súa andaina un novo concesionario que, esperamos, cubra as nosas necesidades. Como novidade, o contrato da concesión incluíu unha cláusula pola que a dirección pode realizar inspeccións da cafetería ademais de enquisas entre os usuarios/as para ver o grao de satisfacción na mesma con vistas á prórroga ou non da concesión.

2. Distribución espacial: Para este curso 2009-2010 se fixo un cambio na distribución dos espazos porque, como se dixo máis atrás, no pavillón 3 hai unha aula que non se estaba a utilizar entre outras cousas porque o seu acceso era difícil e entrañaba serios problemas de seguridade. Trátase na aula que estaba rotulada como 313 á que se accedía por unas escaleiras estreitas que eran tamén a súa única saída. Xa en anos anteriores tratárase de obviar esta dificultade facendo un acceso dende as escaleiras que dan acceso á segunda planta dende a aula 302, pero a existencia de canalizacións de auga o impediron, así que este verán se fixo un acceso dende a segunda planta cunhas escaleiras anchas.

Así, a configuración do centro para este curso queda como segue:

➤ Pavillón 1:

- A planta baixa queda como estaba.
- Na primeira planta distribúense as seguintes aulas e espazos:
 - Departamentos de Física e Química, Matemáticas e Economía.
 - Departamento de Idiomas.
 - 111: Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.
 - 112: Laboratorio de Física e Química.
 - 113: Departamentos de Humanidades: Xeografía, Lingua Española, Lingua Galega e Relixión.
 - 114: Aula de Informática.
 - 115: Aula multidisciplinar para bacharelatos.
 - 116: Aula multidisciplinar para bacharelatos.
 - 117: Aula multidisciplinar para bacharelatos.
 - 118: Aula multimedia e de idiomas.

- Departamento de Filosofía e Linguas clásicas.
- Departamento de Artes Gráficas.
- Na segunda planta distribúense as seguintes aulas:
 - 121: Aula multidisciplinar para Sanidade.
 - 122: Aula multidisciplinar para Sanidade.
 - 123: Aula de Debuxo.
 - 124: Aula multidisciplinar para Sanidade.
 - 125: Aula de Informática para Sanidade.
 - 126: Aula multidisciplinar para bacharelatos e Sanidade.
 - 127: Aula multidisciplinar para bacharelatos.
 - 128: Aula multidisciplinar para bacharelatos.
 - 129: Aula de audiovisuais para Sanidade.



Pavilón1: Planta baixa



Pavilón 1: Primeira planta



Pavillón 1: Segunda planta

➤ Pavillón 2:

- Na planta baixa están as seguintes aulas e espazos:
 - 201: Laboratorio de Microbioloxía.
 - 202: Laboratorio de Dietética.
 - 203: Aula de Microscopía.
 - 204: Laboratorio de Bioquímica e Farmacia.
 - 205: Aula de Farmacia.
 - Despacho de microscopía de fluorescencia e despacho de FCT.
 - Almacén de Sanidade.
- Na primeira planta están as seguintes aulas:
 - 211: Laboratorio de Hematoloxía.
 - 212: Aula de Enfermaría.
 - 213: Aula de Enfermaría.
 - 215: Taller dental.



Pavillón 2: Planta baixa



Pavillón 2: Primeira planta

➤ Pavillón 3:

- Planta baixa:
 - 301: Taller de Impresión.
 - 302: Aula de Preimpresión e Deseño.
 - 303: Salón de actos.
 - 304: Taller de Tintas Líquidas.
- Entreplanta:
 - 311: Aula de montaxe e obtención da forma impresora.
 - 312: Aula multidisciplinar.
- Primeira planta:
 - 321: Aula de Preimpresión e Deseño.
 - 322: Aula multidisciplinar.
 - 323: Aula de Deseño.
 - 324: Aula multidisciplinar.
 - 325: Laboratorio de materiais e cor.
 - 326: Aula multidisciplinar.



Pavillón 3: Planta baixa



Pavillón 3: Entrepanta e primeira planta. Este curso modificarase este plano para incluír os novos accesos á aula 326.

3. Recursos e dotacións: Curso tras curso o IES Leixa foi incorporando numerosos plans de mellora que tiñan como finalidade o mantemento das instalacións e o incremento dos recursos. Para este curso 2009-2010 se fixeron varias melloras tanto no referente a obras como ás dotacións. Algunhas delas xa foron citadas anteriormente, como as obras no pavillón 3 ou a dotación de pizarras interactivas, pero hai outras que deben ser abordadas este curso, entre as que destacamos:

- Melloras no ximnasio. Dende hai anos o xefe do departamento de Educación Física vén demandando melloras no ximnasio por non axeitarse ás nosas necesidades, polo que haberá que determinar cales son as necesidades reais e facer un plan de mellora.
- Comezo do peche das pistas polideportivas. A este respecto hai que indicar que xa no curso 2008-2009 se pediron presupostos con vistas a iniciar o peche e cubrición das pistas. Para iso contactouse co contratista habitual do departamento territorial quen se puxo en contacto coa unidade técnica para recoller información sobre o tipo de materiais que utilizan, respondéndolle da unidade técnica que está previsto iniciar algún tipo de actuación nas pistas do IES Leixa. Como no centro non se recibiu ningunha información ao respecto, nos puxemos en contacto co arquitecto técnico do departamento territorial Sr. Valcuende para que nos in-

formara, dicíndonos que efectivamente hai unha proposta para cubrir as pistas do IES Leixa e do CIFP Rodolfo Ucha e que se está na fase de pedir presupostos para ver a viabilidade desta obra.

- Solicitude de material. A finais do curso pasado se fixo unha solicitude de material á Consellería de Educación recibindo mesas de biblioteca e mesas e cadeiras de aula. Como se dixo máis atrás temos solicitada unha reunión co subdirector xeral de FP para, entre outras cousas, solicitar recursos informáticos e outras dotacións de cara á implantación dos novos ciclos.
- Ordenadores na biblioteca. Tamén a principios destes curso se fixeron algúns cambios na biblioteca colocando mesas novas e facendo un pequeno mesado no que se puxeron tres ordenadores portátiles para uso libre dos alumnos/as.
- Adquisición de novas taquillas para alumnos/as. Tamén hai tempo que o IES Leixa lle dá taquillas aos alumnos/as de bacharelato. Ao comezo deste curso contamos con 105 taquillas pero o aumento da matrícula este curso (135 alumnos/as) fai necesario adquirir máis taquillas.
- Mellora da aula de informática de bacharelato. Ben mellorando as dotacións da aula 114 ou analizando a posibilidade de habilitala noutro emprazamento.

Finalmente indicar que no curso 2008-2009 se fixo unha inspección eléctrica no instituto que detectou algunhas irregularidades que foron corrixidas durante o verán. Unha nova inspección realizada no mes de setembro determinou que o IES Leixa cumpre todas as normas en materia eléctrica.

No seguinte cadro dáse conta dos recursos informáticos e multimedia nas aulas do centro.

AULA OU TALLER	ORDENADOR	PANTALLA	CANÓN	PIZARRA INTERACTIVA
111	SI	SI	SI	NON
112	SI	SI	SI	SI
114	SI	SI	SI	NON
115	SI	SI	SI	NON
116	SI	SI	SI	NON
117	SI	SI	SI	NON
118	SI	SI	SI	SI
121	SI	SI	SI	NON
122	SI	SI	SI	NON
123	SI	NON	SI	SI
124	SI	NON	SI	SI
125	SI	NON	NON	NON
126	SI	NON	SI	SI
127	SI	SI	SI	NON
128	SI	SI	SI	NON
129	SI	SI	SI	SI
201	SI	SI	NON	NON
202	SI	SI	NON	NON
204	SI	SI	NON	NON

205	SI	SI	SI	NON
211	SI	SI	NON	NON
212	SI	SI	NON	NON
213	SI	SI	NON	NON
215	SI	SI	NON	NON
301	NON	NON	NON	NON
302	SI	SI	SI	NON
304	SI	NON	NON	NON
311	SI	SI	NON	NON
312	NON	NON	NON	NON
321	SI	SI	SI	NON
322	SI	NON	SI	SI
323	SI	SI	SI	NON
324	SI	NON	SI	SI
325	SI	NON	SI	NON
326	SI	SI	SI	NON

4. Obxectivos: Tomando como referencia o plan estratéxico e o grao de consecución dos obxectivos nos cursos 2007-2008 e 2008-2009, para este curso propóñense os seguintes obxectivos.

OBJEKTIVO ESTRATÉXICO	RESPONSABLE	OBJEKTIVO ANUAL	INDICADOR	META	EXERCICIO				CÁLCULO INDICADOR
					07-08	08-09	09-10	10-11	
1. Implantación dun sistema de calidade e certificación ISO 9001:2000	Director	Constitución do Comité de Calidade	Constituíuse formalmente a comisión	Seguimento do proceso de calidade		P	P	P	Consta no plan anual
	Director	Constitución de equipos de mellora	Constitúense equipos de mellora	Definición e mellora dos procesos	P	P	P	P	Existen polos menos 2 equipos co 50 % do profesorado
	Responsable de calidade	Revisión e adaptación dos documentos de centro ás normas de calidade	Os documentos teñen denominación, revisión e data	Obter o certificado ISO 9001:2000		P			O 80 % dos documentos adaptáanse ás normas de calidade
	Responsable de calidade	Posta en marcha dun sistema de información <i>on-line</i> na web.	Existe un espazo web de calidade	Obter o certificado ISO 9001:2000		P	P	P	O espazo web informa mensualmente
2. Revisión do organigrama de centro	Responsable de calidade	Constitución dun equipo de mellora para análise do caderno do docente	Constituíuse o equipo e fixo o libro	Obter o certificado ISO 9001:2000	P	P	P	P	Todos os profesores/as disporán dun libro docente
	Xefa de estudos	Constitución dun equipo de mellora para a definición de propostas de mellora do proceso ensino-aprendizaxe	Constituíuse o equipo de mellora e mellorouse o PEA	Obter o certificado ISO 9001:2000			P	P	Todos os profesores/as seguen o PEA
	Secretario	Constitución de equipos de alerta	Constituíronse equipos de alerta	Garantir a seguridade no centro		P	P	P	Hai un equipo de alerta para cada pavillón
	Secretario	Constitución do departamento de Publicacións	Constituíuse o departamento de Publicacións	Centralizar o proceso de publicacións			P		O departamento ten definida a súa constitución e funcións
	Xefes de departamento de Artes Gráficas e Sanidade	Redacción de regulamentos de departamento	Os departamentos de Artes Gráficas se Sanidade dispoñen de regulamentos propios	Homoxeneizar criterios		P			Publicáronse os regulamentos internos de departamento
	Vicedirectora	Creación e definición de	Nomeáronse mediado-	Garantir a convivencia			P	P	Hai un mínimo de 3

		mediadores/as escolares	res/as escolares	no centro					mediadores/as e teñen definidas as súas funcións
	Coordinador/a de biblioteca	Constitución dun equipo de biblioteca e análise de integración no proxecto Meiga	Constitúlese un equipo de biblioteca	Mellora do funcionamento da biblioteca escolar		P	P	P	Hai un equipo de polo menos 4 profesores/as
	Director	Nomeamento de responsables de aula	As aulas teñen un responsable docente	Mellora das instalacións e dotacións		P	P	P	Polo menos o 80 % das aulas e talleres teñen un responsable
3. Mellora das instalacións	Xefes/as de departamento	Creación e definición das funcións de coordinadores/as de recursos	Os departamentos de Artes Gráficas e Sanidade teñen coordinadores/as de recursos	Mellora das instalacións e dotacións	P				Os coordinadores/as teñen definidas as súas funcións
	Secretario	Establecemento dunha guía de recursos informáticos	O inventario ten unha guía de recursos	Obter o certificado ISO 9001:2000			P		Publicouse a guía de recursos informáticos do centro
	Secretario	Elaboración de cadros de necesidades e posta en marcha de programas de mellora	Dispónse de plans de mellora	Mellora das instalacións e dotacións			P	P	O plan anual inclúe polo menos 1 programa de mellora das instalacións
4. Actividades complementarias e extraescolares	Vicedirectora	Análise e mellora do protocolo de actuación existente referido ás actividades, o seu programa e método de autorización e publicidade.	Redactouse un protocolo de actividades	Mellora da coordinación das actividades complementarias se extraescolares		P			O centro conta cun protocolo de actividades
	Vicedirectora	Constitución de comisións de actividades	Formalizáronse comisións de actividades	Mellora da coordinación das actividades complementarias se extraescolares			P	P	Constituíronse polo menos 2 comisións de actividades
5. Informatización e xestión	Secretario	Definición das necesidades de recursos informáticos do centro e dotación de equipamentos	Definíronse nun programa as necesidades informáticas do centro	Mellora das instalacións e dotacións			P	P	Dispónse dun plan bianual de mellora dos equipamentos informáticos
	Responsable de calidade	Edición do Manual de Documentos	Redactouse o Manual de Documentos	Obter o certificado ISO 9001:2000		P			Aproboouse o Manual de Documentos
	Secretario	Creación dun arquivo centralizado accesible	Defínese un sistema arquivístico centralizado	Obter o certificado ISO 9001:2000		P			Existe un protocolo arquivístico
	Secretario	Creación dun centro informático documental	Creouse un directorio compartido cos documentos do centro	Obter o certificado ISO 9001:2000		P			Todos os ordenadores de uso do profesorado (departamentos e sala de profesores/as) teñen acceso ao directorio de documentos
	Director	Ampliación e mellora da web do centro	Estendéronse as aulas virtuais	Mellora da web do centro con novas funcionalidades				P	A web do centro permite o acceso a todos os recursos documentais do centro
6. Normalización lingüística	Xefa de estudos	Constitución dun equipo de normalización (ENL)	Constituíuse o equipo de normalización	Aplicación normalizada do Decreto do uso do galego	P	P	P	P	Defínese a constitución e funcións do ENL
7. Relacións externas e publicidade	Director	Institucionalización das relacións coa prensa	Sistematizouse o proceso de información á prensa	Dar a coñecer á comunidade o IES Leixa	P	P	P	P	Existe un protocolo e un responsable de relacións coa prensa
